



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18 DE OUTUBRO DE 2021

1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/749/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 08/10/2021 solicitada pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO AMEIXAGA 4 para a MELLORA DE ACCESIBILIDAD MEDIANTE COLOCACIÓN DE ASCENSOR no edificio situado no CAMIÑO AMEIXAGA (DA) 4 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA).

SEGUNDO.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

TERCEIRO.- Conceder á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO AMEIXAGA 4 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico de data de visado do 21/06/2021 e a documentación presentada o 22/09/2021 e o 07/10/2021, a MELLORA DE ACCESIBILIDAD MEDIANTE COLOCACIÓN DE ASCENSOR no edificio situado no CAMIÑO AMEIXAGA (DA) 4 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 60.469,24 €.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1557/2019.

Rectificación licenza de segregación.

Acórdase:

RECTIFICAR o acordo da Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela de data 14 de decembro de 2020, no sentido de aclarar e para facer constar que onde di “.....Parcela Avda. Rosalía de Castro

☐ Parcela resultado fronte Avda. Rosalía de Castro nº 120: Superficie bruta de 122 m2s Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 2 Cuarteirón. Plano Ordenación I 28. Terreo que ocupa a casa de Rosalía de Castro num 22 e a franxa de terreo posterior á mesma, comprendida entre unha liña de 15m, paralela á Avda Rosalía de Castro e dita casa”

debe dicir “...Parcela Avda. Rosalía de Castro

☐ Parcela resultado fronte Avda. Rosalía de Castro nº 120: Superficie bruta de 122 m2s Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 2 Cuarteirón. Plano Ordenación I 28. Terreo que ocupa a casa de Rosalía de Castro num 22 e a franxa de terreo posterior á mesma, comprendida entre unha liña de 15m, paralela á Avda Rosalía de Castro ”

ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/290/2020.

Licenza de obra de rehabilitación para pensión na rúa de San Lázaro, 40.

Acórdase CONCEDER licenza de OBRAS de reforma de edificación para pensión na RÚA SAN LÁZARO, 40, segundo Proxecto reformado e de execución, co visado do COAG de data 03/11/2020, cun orzamento execución Material de 98.500,00 €

As actuacións consistirán en OBRAS DE REHABILITACIÓN de edificio de planta baixa, planta primeira e baixo cuberta para unha pensión de 1 estrela e demolición parcial de edificación auxiliar. A superficie construída da edificación principal é de 193,98 m² (143,37 m² útiles) cunha ocupación en planta de 91,42 m² e altura de 7,12 metros e da edificación auxiliar de 20 m² (16,06 m² útiles) cunha altura de 2,74 metros A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza do núcleo de San Lázaro do PER-5.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00041274R.

Rexeitar a solicitude de resolución de contrato presentada pola empresa JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL para as obras de reposición da legalidade na rúa García Prieto 9/11, en execución da sentenza nº 4.387 da sala do contencioso administrativo do TSXG.

Acórdase rexeitar a solicitude de resolución de contrato presentada pola empresa JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL para as obras de reposición da legalidade na rúa García Prieto 9/11 en execución da sentenza nº 4.387 da sala do contencioso administrativo do TSXG, instándolle a continuar a execución das mesmas baixo apercibimento de inicio dun expediente por incumprimento de contrato, que daría lugar a imposición das sancións previstas no prego de cláusulas administrativas de aplicación.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00045025A.

Incumprimento no contrato subscrito coa empresa KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SA para a subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto SMARTIAGO, divididas en dous LOTES diferenciados: Lote 2.

Acórdase iniciar un expediente por incumprimento das condicións recollidas no contrato subscrito coa empresa KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SA para a *"Subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto smartiago, divididas en dous LOTES diferenciados: Lote 2 Instalación de sistemas para supervisión e control de acceso guiado en zonas de aparcamento"*, dándolle audiencia por un prazo de quince días hábiles, audiencia que implicará, evidentemente, a posta a súa disposición do expediente, aos efectos de que consulte e solicite copia de todos os informes e documentación que considere precisos.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042272X.

Aprobación de inicio de procedemento de licitación e autorización de gasto.

Apróbase o expediente que ten por obxecto a licitación da "Execución do proxecto "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro (CON/54/2021)", abrir o procedemento de adxudicación e autorizar un gasto total por importe de **63.326,80 euros** que se corresponde co Importe Base de Licitación (Base Imponible de 52.336,20 € e IVE 21% de 10.990,60 euros) e que se imputará á aplicación orzamentaria 100 93303 6320000 2021 2 PPROV 35 3. A desagregación anual deste gasto é a seguinte:

ANO 2021: 51.177,94 €

ANO 2022: 12.148,86 €

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042275J.

Aprobación de inicio de procedemento de licitación e autorización de gasto.

Apróbase o expediente que ten por obxecto a licitación da execución do proxecto "Acondicionamento do Camiño de Fisterra en vilariño de Abaixo (Quintáns-Villestro) (CON/55/2021)", abrir o procedemento de adxudicación e autorizar un gasto total por importe de **182.041,00 euros** que se corresponde co Importe Base de Licitación (Base Imponible de 150.447,11 € e IVE 21% de 31.593,89 euros) e que se imputará á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 2021 2 PPROV 35 2. A desagregación anual deste gasto é a seguinte:

ANO 2021: 58.641,61€

ANO 2022: 123.399,39€

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00045531A.

Corrección erro material acordo Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de data día 11 de setembro de 2019: número 2.- Prórroga do servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela.

Acórdase subsanar erro material no acordo de Xunta de Goberno Local do día 11 de setembro de 2019 NÚMERO 2.- PRÓRROGA DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, no reparto das anualidades para a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios, polo que en virtude do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas procede a subsanación, tanto da proposta de resolución como no acordo de Xunta de Goberno de xeito que:

Onde di:

"Polo tanto, a anualización do gasto correspondente á duración total deste contrato, incluída a prórroga agora proposta, queda como segue, condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 42.471 euros (do 12/setembro/2017 a 31/décembro/2017).

Anualidade 2018: 141.570 euros (do 1/xaneiro/2018 a 31/décembro/2018).

Anualidade 2019: 94.380 euros (do 1/xaneiro/2019 a 11/setembro/2019).

Anualidade 2019: 42.471 euros (do 12/setembro/2019 a 31/décembro/2019).

Anualidade 2020: 141.570 euros (do 1/xaneiro/2020 a 31/décembro/2020).

Anualidade 2021: 94.380 euros (do 1/xaneiro/2021 a 11/setembro/2021)."

Debe decir:

"Polo tanto, a anualización do gasto correspondente á duración total deste contrato, incluída a prórroga agora proposta, queda como segue, condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2019: 42.471 euros (do 12/setembro/2019 a 31/décembro/2019).

Anualidade 2020: 141.570 euros (do 1/xaneiro/2020 a 31/décembro/2020).

Anualidade 2021: 99.099 euros (do 1/xaneiro/2021 a 11/setembro/2021)."

9. COMERCIO. Referencia: 2021/00027167Q.

Aprobación da concesión e xustificación das axudas para o rescate do comercio local afectado pola COVID 19. Anualidade 2021.

Apróbase a concesión, xustificación e pagamento das axudas a **481 solicitudes**.

Estas axudas, que suman un total de **1.684.500 euros**, irán con cargo a:

- 500.000 euros con cargo ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña para o desenvolvemento do proxecto "Eixos 2 e 4 do Plan de reactivación económica do Concello de Santiago" no marco do Plan de Emprego Local, na aplicación orzamentaria 010 43100 4790102, do orzamento municipal 2021, PROXECTO DE GASTO 2021 3 COMER 54.

- Os 1.184.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4790101 do orzamento municipal 2021.

Tamén se acorda liberar o crédito remanente por importe de 219.500 euros na aplicación orzamentaria 010 43100 4790101.

10. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0048.

Aprobar os membros do Xurado da XIII Edición dos Premios Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica.

Apróbanser os membros do xurado da XIII Edición dos Premios Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica, que son os seguintes:

Don. Rubén Prol Mariño, Concelleiro-Delegado de Educación.

Dona. M^a Carmen Morán de Castro. Representante de Nova Escola Galega.

Dona. Silvia López Gómez. Representante de Nova Escola Galega.

Dona. Diana Pastoriza Espasandín. Representante do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

Dona. Ana Guerra. Representante da Asociación Galega de Editoras (Vicepresidenta).

Dona. Raquel Mariño Fernández. Representante do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC (Profesora Axudante Doutora).

Dona. Beatriz Varela Morales, Directora do Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela.

Dona. Cristina Salgado Pato. Técnica do Departamento de Educación.

11. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00018153H.

Aprobación do texto do convenio entre a empresa GADISA RETAIL S.L.U. e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas da Ascensión e do Apóstolo 2021.

Apróbase o texto do convenio entre a empresa GADISA RETAIL S.L.U. e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas da Ascensión e do Apóstolo 2021.

O seu obxecto é establecer a relación entre a empresa e o Concello de Santiago de Compostela para colaborar nas Festas da Ascensión e do Apóstolo 2020.

☐ GADISA RETAIL S.L.U. aporta como colaboración no programa citado a cantidade de 6.000 euros máis IVE que serán ingresados a favor do Concello de Santiago.

☐ O Concello incluírá o logotipo e o anagrama da empresa nos programas das festas do Apóstolo, así como nos carteis e mupis distribuídos pola cidade, páxina web e redes sociais.

☐ O Concello permitirá a colocación de elementos publicitarios de GADISA nos concertos das festas .

☐ O concello incluírá a GADISA nas enumeracións de colaboradores das Festas do Apóstolo 2021.

☐ A vixencia do convenio sera até o 31 de decembro de 2021 e non será prorrogable, sen que o Concello e a empresa asuman ningún outro compromiso máis que os recollidos no convenio.

12. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2021/00034342S.

Dar conta da sinatura do convenio entre a Asociación para a promoción social e inserción laboral PLATAFORMA POLO EMPREGO e o Concello de Santiago 2021.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL E A INSERCIÓN LABORAL PLATAFORMA POLO EMPREGO e o Concello de Santiago, para o ano 2021, no que se recolle unha subvención nominativa por valor de doce mil euros 12.000 €.

13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00045291Q.

Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 184/2020 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1.

Dase conta da citada sentenza.

Obxecto: Impugnación do decreto da concelleira de Facenda do 6.02.2020 ditada no expediente XPL/3/2020 pola que se rexeita solicitude de ingresos indebidos por mor da anulación das cotas de urbanización do SUNP-38 Formarís.

Contía: 31.724,45 euros

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais pois condea ao concello a devolver á demandante a cantidade referida máis os intereses de demora do artigo 26.6 da LXT dende o día 23.05.2013 ata a data do efectivo reintegro.

Acórdase:

- 1.-Tomar coñecemento da sentenza.
- 2.Non interpoñer recurso de apelación.
- 3.Remitir ao Departamento de Planeamento para os efectos da súa execución.

14. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00045197Z.

Dar conta da sentenza recaída no PO 479/2020 CA1.

Dase conta da citada sentenza.

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial formulada con data 23.06.2020.

A sentenza condena ao Concello de Santiago de Compostela a admitir e tramitar, conforme ao procedemento establecido, a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola recorrente.

Acórdase:

- 1.Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Remitir ao departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución

15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00044905K.

Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 482/2020 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2.

Dase conta da citada sentenza.

Contía: 19.832,53 euros

Obxecto: Desestimación por silencio do recurso de reposición interposto contra a no devolución de ingresos indebidos en concepto de IBI dos exercicios 2013-2019

A sentenza é favorable aos intereses do concello, xa que declara a terminación do procedemento por desaparición sobrevida do obxecto do proceso, sen imposición de custas. Contra dita sentenza non cabe impoñer recurso algún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Comunicala ao Departamento de Tesourería (xestión tributaria) para os efectos do seu coñecemento

16. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00045608B.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 8 ao 14 de outubro de 2021.

URXENCIAS

17. Denegación de creación dun mercadiño de venda ambulante no barrio de Fontiñas e supresión da autorización de carácter temporal para a súa celebración. Referencia. 2021/00016370Y

Acórdase:

PRIMEIRO: Non autorizar a creación dun mercadiño de venda ambulante na rúa París do barrio de Fontiñas dado que, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas non

acadan os dous requisitos mínimos que a base primeira das aprobadas determina como condición para o establecemento do mesmo, que se concretan en contar cun mínimo de 65 postos e que do total dos postos, un máximo do 60% se destinen á venda de textil, calzado e confección e o 40% restante a outras actividades.

SEGUNDO: Suprimir a celebración do mercadillo semanal que mediante autorización temporal e de carácter excepcional, se realizaba durante a mañana dos sábados na rúa París no barrio de Fontiñas.

18. Dar conta da corrección de erro no importe total da convocatoria que en lugar de figurar o importe de 1.747.105,36 € debe figurar o importe de 1.747.105,00 €, e aprobación do gasto relativo á convocatoria de Axudas para o rescate da restauración, hospedaxe e turismo do Concello de Santiago de Compostela afectado pola crise da covid-19. Anualidade 2021. Referencia. 2021/00018535D.

Acórdase:

PRIMEIRO: Dar conta da corrección de erro detectado no importe total da CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O RESCATE DA RESTAURACIÓN, HOSPEDAXE E TURISMO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA AFECTADO POLA CRISE DA COVID-19. ANUALIDADE 2021, que en lugar de figurar o importe de 1.747.105,36 € debe figurar o importe de 1.747.105,00 €.

SEGUNDO: Aprobar o gasto relativo á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O RESCATE DA RESTAURACIÓN, HOSPEDAXE E TURISMO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA AFECTADO POLA CRISE DA COVID-19. ANUALIDADE 2021, por importe de **1.747.105,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria 070 43200 4790101.